

INDICE

1. Introducción.
2. Obxectivos xerais da Acción Titorial.
3. Axentes da acción Titorial.
4. Ámbito da Acción Titorial.
5. Funcións da Acción Titorial.
6. Funcións do titor/a.
7. P.A.T. da etapa de Educación Infantil
 - 7.1. Obxectivos xerais.
 - 7.2. Obxectivos específicos.
 - 7.3. Actividades.
 - 7.4. Axentes de realización.
 - 7.5. Materiais.
 - 7.6. Temporalización.
8. P.A.T. da etapa de Educación Primaria.
 - 8.1. Obxectivos xerais.
 - 8.2. Obxectivos específicos.
 - 8.3. Actividades.
 - 8.4. Axentes de realización.
 - 8.5. Materiais.
 - 8.6. Temporalización.
9. Avaliación da Acción Titorial.

1.INTRODUCCIÓN

A Acción Titorial pódese definir como o conxunto de accións educativas que se deseñan e realizan nun centro educativo para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integración de coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade. Ten como principio básico a axuda educativa, baseada en considerar ao alumno como centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e como consecuencia a necesidade de axustar as intervencións ao proceso de construción de aprendizaxe que segue cada un e aos movementos e ás situacións polas que atravesamos.

O Plan de Acción Titorial concreta os axentes responsables da acción titorial, determina os momentos nos que se aplica en relación ás finalidades prioritarias en cada período, especifica as actividades que se desenvolverán en cada momento por cada axente, xunto cos materiais necesarios, e determina os recursos persoais e materiais que precisa a aplicación do PAT do Centro.

❖ Marco legal empregado para elaborar este PAT:

◇Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE)

◇Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

◇Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

◇Decreto 374/1996, do 17 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

◇Orde do 22 de Xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.

◇Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

◇Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

◇Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, pola que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

◇Orde do 20 de abril de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.OBXECTIVOS XERAIS DA ACCIÓN TITORIAL

- Contribuir á personalización da educación e a seu carácter integral, favorecendo o desenrolo de tódolos aspectos da persoa, e contribuíndo tamén a unha educación individualizada, referida a persoas concretas, coas súas aptitudes e intereses diferenciados.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades educativas particulares dos alumnos/as, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas, adecuando a escola aos alumnos.
- Resaltar os aspectos orientadores da educación atendendo o contexto real no que viven os alumnos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais, mellor conectados co entorno, de modo que a escola sexa “educación para a vida”.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenrolo da propia identidade e sistema de valores e da progresiva toma de decisión a medida que o alumnado adopte opcións na súa vida.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, evitando no posible o fracaso escolar e a inadaptación.
- Contribuir á axeitada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: Mestres, alumnado e país, así como entre a comunidade educativa e o entorno social, adoptando o papel de mediador entre os conflitos ou problemas que poidan plantexarse entre os distintos integrantes.

3.AXENTES DA ACCIÓN TITORIAL

Os axentes da acción titorial son aquelas persoas ou equipos responsables do deseño e posta en práctica do PAT. Estes axentes son:

- ❖ **TITOR/A DE GRUPO:** desenvolve función e tarefas específicas a nivel formativo e instructivo. A súa principal función é mediadora, é o punto de referencia do alumnado para a súa relación co resto do centro e o primeiro interlocutor das familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos. As responsabilidades do titor/a vanse desenvolver en dous núcleos básicos:
 - Cada alumno/a do centro terá asignado un titor/a que será o vínculo co centro, tanto a nivel individual como do grupo de titoría ao que pertenza. A asignación do Titor a fará Directora do centro a proposta da Xefa de Estudos.
 - As familias do alumnado terán no titor/a o primeiro interlocutor para todo o que faga referencia ao seu fillo/a.
- ❖ **EQUIPO DOCENTE:** No caso que interveñan no grupo-clase diversos profesionais: Mestres especialistas nunha área ou materia, profesorado de apoio... a acción titorial terá carácter colectivo. O titor exercerá a coordinación e será un membro destacado desta acción titorial, pero tanto as liñas de actuación respecto de cada alumno como as que se refiren ao grupo serán discutidas polo conxunto de profesores do equipo educativo. As liñas de actuación debatidas e acordadas no equipo educativo, guiarán

a actuación individual e na aula de cada mestre, e se é preciso, adaptárase a programación de aula aos acordos tomados.

- ❖ FAMILIAS: A familia ou o contorno familiar ten un gran peso educativo a nivel individual, destacando o seu papel na formación dos fillos no campo dos valores e as actitudes, de ahí a importancia da coordinación da acción educativa familiar e acción educativa do centro escolar.
- ❖ OUTRAS INSTITUCIÓN S: A complexidade da acción titorial e a diversidade de factores que poden aparecer nela, fai preciso valorar a necesidade de solicitar a colaboración doutros profesionais, non só do sistema educativo, senón tamén doutros servizos públicos. Ditas intervencións reunirán as seguintes características:
 - Responder aos intereses educativos expostos no PEC.
 - Buscar a coherencia entre a actuación que se propón e os obxectivos e contidos do currículo que se desenvolve.
 - Cubrir unha necesidade do Centro.
 - Diseñar conxuntamente a actuación, de maneira que poida ser considerada como unha actividade ordinaria do Centro.

4.AMBITO DA ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial desenvólvese en diversos contornos que requiren actuacións específicas de cada un dos axentes implicados. Os ámbitos da acción titorial son os seguintes: individual, grupo-clase, familia e centro educativo.

- **ÁMBITO INDIVIDUAL:** O alumno/a, individualmente require da acción titorial para:
 - Formar unha autoimaxe positiva e coñecer as posibilidades para aprender.
 - Adquirir autonomía a nivel persoal e académico para poder atender a súa diversidade.
 - Participar na colectividade: aprender a participar activa e positivamente na sociedade que representa o centro escolar para o desenvolvemento dunha personalidade madura.
 - Establecer relacións positivas cos demais membros no centro: no proceso de ensinanza-aprendizaxe se favorecerá a confianza mutua, apoio, atención individualizada..., a nivel centro, adaptáranse criterios que favorezan a verbalización, intercambio e o acordo, aplicando metodoloxías que potencien estas relacións.
 - Coñecer as posibilidades académicas e profesionais do contorno para que o alumnos de senso ás ensinanzas que recibe.
- **ÁMBITO DO GRUPO-CLASE:** A acción titorial no grupo-clase contribúe tamén ao desenvolvemento e á orientación persoal, sendo básicos os aspectos seguintes:
 - Intervir na dinámica grupal para conseguir un contorno social agradable para cada membro e valorando as características sociais do grupo.
 - Propiciar a adopción de valores grupais que favorezan a cohesión funcional do grupo: diálogo, respecto, colaboración... realizando sesións de tutoría

grupales conducidas polo titor/a e que teñan como estratexia a comunicación, o intercambio, o debate e a necesidade de chegar a acordos.

- **ÁMBITO DA FAMILIA:** As familias inflúen dunha forma moi importante na acción titorial, as intervencións que se realizan desde o centro focalízanse en dous ámbitos: informar e pedir a súa colaboración a nivel individual ou colectivo. No ámbito familiar, a acción titorial queda reflexada posto que:
 - Os familiares adoitan ser persoas referentes na formación da autoimaxe.
 - Os valores que rexen as relacións sociais na familia forman parte do patrón de valores de referencia para o alumnado do centro.
 - Cada familia ten e usa unha idea propia sobre o grao de autonomía que Terán os seus fillos.
 - As expectativas sobre o futuro académico e profesional vívense e explícanse na familia.
 - Os membros da familia desenvolven laboralmente profesións que son punto de referencia dos fillos.
- **ÁMBITO DO CENTRO EDUCATIVO:** O centro educativo é o marco xeral onde se desenvolve o plano de acción titorial. Os grandes campos de intervención son:
 - Establecer e facilitar vías de participación do alumnado e potenciar actividades de interrelación e comunicación entre alumnos e alumnas, entre grupos-clase e entre o alumnado e profesorado.
 - Potenciar as actividades de información e integración ao centro dirixidas ás familias, tanto nos primeiros contactos co centro, como durante o período no que seus fillos se atopan no centro. A información que se lle dá a familia irá acompañada da comunicación sobre posibilidades que esta ten para intervenir e/ou participar.
 - Crear un clima do centro aberto e acolledor onde é importante a participación e a opinión de todos os integrantes da comunidade educativa así como atender e colaborar coas persoas que o requiran.

5.FUNCIÓNS DA ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial no Centro ten como función específica: desenvolver e potenciar as capacidades básicas do alumnado, ofrecerlle ao alumno orientación co fin de facilitar o seu crecemento persoal e o desenvolvemento dunha personalidade madura, orientalo e asesoralo sobre as posibilidades académicas e profesionais, promover a dinamización do grupo-clase e contribuir á elaboración, posta en práctica e revisión do PAT.

6.FUNCIÓNS DO TITOR/A

Son as tarefas propias do titor, tanto a nivel formativo como instructivo. Entendemos ó titor como aquela persoa que está a meirande parte do tempo cun grupo de alumnos determinado, que é o seu punto de referencia para o logro dunha educación integral da persoa, para a educación nuns valores, a convivencia, a toma de decisións, resolución de problemas,...e ao mesmo tempo o primeiro interlocutor das familias con relación ao proceso de aprendizaxe dos seus fillos.

- Proporcionar no principio de curso aos alumnos e aos pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- Informar aos alumnos do grupo, aos pais e aos profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilita-la competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Orientar aos alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos das características especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente a promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais ou titores legais.
- Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

- Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados aos pais ou titores legais e ao xefe de estudos.
- Atender xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres permanecen no centro nos períodos de lecer.
- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos.
- De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

7.PAT DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

7.1.OBXECTIVOS XERAIS.

- a) Exploración inicial das características individuais e colectivas dos alumnos.
- b) Integración dos alumnos no medio escolar.
- c) Prevención e identificación das dificultades de aprendizaxe ou trastornos.
- d) Desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe.
- e) Colaboración coas familias, implicándoas no proceso formativo dos alumnos/as.
- f) Coordinación dos titores de E. Infantil e E. Primaria.

❑ ETAPA: EDUCACIÓN INFANTIL

7.2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	7.3.ACTIVIDADES	7.4.AXENTES DE REALIZACIÓN	7.5.MATERIAIS	7.6.TEMPORALIZACIÓN
A/Acoller e integrar aos alumnos/as	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Actividades de acollida: <ul style="list-style-type: none"> -Datos persoais. -Presentación do titor. -Presentación dos alumnos. -Coñecemento mutuo dos alumnos. -Exercicios para favorecer a integración e relación do grupo. ❖ Coñecemento do centro escolar: <ul style="list-style-type: none"> -O noso Centro. -Dependencias e servizos. -Estructura organizativa. -A nosa aula. 	Profesor-titor	<ul style="list-style-type: none"> -Guión reunión país. -Guión entrevistas individuais. -Boletín informativo coas “Normas de organización na Educación Infantil” 	1º Trimestre
B/Organizar o funcionamento do grupo-clase.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Recollida de información sobre os alumnos: <ul style="list-style-type: none"> -Datos persoais. -Dificultades de adaptación. -Dificultades de aprendizaxe. -Alumnos con NEAE. ❖ Organización e funcionamento da aula: <ul style="list-style-type: none"> -Normas de clase. Disciplina. -Horarios. -Agrupamento alumnos: <ul style="list-style-type: none"> • Formación de equipos de traballo. 	Profesor-titor	<ul style="list-style-type: none"> -Entrevista cos país/nais. -Ficha informativa do alumno. -Murais informativos: <ul style="list-style-type: none"> • Normas. • Equipos • Etc. 	1º Trimestre

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL – C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO - VIGO

	<ul style="list-style-type: none"> • Formación de comisión para actividades específicas. 			
C/Adquirir e mellorar os hábitos de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Hábitos básicos: <ul style="list-style-type: none"> -Sentarse correctamente -Relaxación. -Autonomía e orde. ❖ Técnicas de estudo: <ul style="list-style-type: none"> -Traballo individual. -Traballo en grupo. -Organización do traballo persoal. ❖ Destrezas instrumentais: <ul style="list-style-type: none"> -Comprensión lectora. -Técnicas para mellorar a retención e o recordo. ❖ Técnicas motivacionais: <ul style="list-style-type: none"> -Responsabilidade na tarefa. -Tarefas de dificultade axeitada. -Participación dos alumnos nas propostas de actividades. -Afrontamento do fracaso. 	Profesor-titor	<ul style="list-style-type: none"> -Material aulas. -Murais. -Fichas. -Xogos educativos. -Material funxible: <ul style="list-style-type: none"> • Témperas. • Plastilina. • Lápis. • Pinturas. • Rotuladores. • Cartulinas. • Etc. 	Todo o curso
D/Desenrolar a personalidade e a adaptación escolar.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Actividades a desenrolar: <ul style="list-style-type: none"> -Aptitudes participativas. -Capacidades sociais. -Unha autoestima positiva. -Autocontrol. -A convivencia entre alumnos. -A interacción titor-alumnos. 	Tódolos mestres do ciclo	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Murais. ❖ Fichas. ❖ Xogos educativos individuais e colectivos. ❖ Material funxible. 	Todo o curso
E/Conseguir a participación da familia.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Reunións periódicas -Intercambio de información. ❖ Colaboración nas actividades 	Profesor-titor	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Modelo entrevistas. 	Todo o curso

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL – C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO - VIGO

	<p>extraescolares: -Excursións. -Festexos. Entrevistas individuais.</p>			
F/Proceso de avaliación.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Avaliación inicial: -Obtención de información. Técnicas de observación. -Entrevistas. ❖ Avaliación continua, global e formativa. 	Tódolos Mestres do ciclo	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Fichas de traballo individual. ❖ Boletín informativo á familia. 	Todo o curso
G/Coordinación dos titores de E. Infantil e E.Primaria	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Convocar reunións interciclos. ❖ Establecer estratexias para a homoxenización da metodoloxía e actividades entre o último trimestre de E. Infantil e o 1º nivel de E. Primaria. 	Mestres-titores de E.I e E.P (1º)	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Guión de reunión. ❖ Criterios de coordinación. 	3º Trimestre

8.PAT DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

8.1.OBXECTIVOS XERAIS.

- a) Previr e identificar as dificultades de aprendizaxe e optimización dos procesos de formación.
- b) Conquerir a integración de tódolos alumnos/as.
- c) Ter un coñecemento maior dos factores persoais, familiares e curriculares que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.
- d) Orientar aos alumnos a nivel académico e persoal.

❑ **ETAPA: EDUCACIÓN PRIMARIA**

8.2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	8.3.ACTIVIDADES	8.4.AXENTES DE REALIZACIÓN	8.5.MATERIAIS	8.6.TEMPORALIZACIÓN
A/Acoller e integrar aos alumnos/as	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Actividades de acollida: <ul style="list-style-type: none"> -Datos persoais. -Presentación do titor. -Presentación dos alumnos. -Coñecemento mutuo dos alumnos. -Exercicios para favorecer a integración e relación do grupo. ❖ Coñecemento do centro escolar: <ul style="list-style-type: none"> -O noso Centro. -Dependencias e servizos. -Estructura organizativa. -A nosa aula. 	Profesor-titor	<ul style="list-style-type: none"> -Guión reunión pais. -Guión entrevistas individuais. -Boletín informativo coas: “Normas de organización” e “Normas de Convivencia”. 	1º Trimestre
B/Observar e organizar o funcionamento do grupo-clase.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Recollida de información sobre os alumnos: <ul style="list-style-type: none"> -Datos persoais. -Rendemento. -Características do grupo. -Dificultades de adaptación. -Dificultades de aprendizaxe. -Alumnos con NEAE. ❖ Organización e funcionamento da aula: <ul style="list-style-type: none"> -Normas de clase. Disciplina. -Horarios. -Agrupamento alumnos: 	Profesor-titor Equipo docente	<ul style="list-style-type: none"> -Entrevista cos pais/nais. -Informes do colexio de procedencia. -Informes dos cursos anteriores. -Expediente escolar do alumno. -Modelo de ACI. -Fichas para o reforzo educativo nas distintas áreas. 	Todo o curso

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL – C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO - VIGO

	<ul style="list-style-type: none"> • Formación de equipos de traballo. • Formación de comisión para actividades específicas. <p>-Prever os apoios necesarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ Reforzo educativo e ACIS 			
C/Adquirir e mellorar os hábitos de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Hábitos básicos: -Sentarse correctamente -Relaxación. -Autonomía e orde. ❖ Técnicas de estudo: -Traballo individual. -Traballo en grupo. -Organización do traballo persoal. ❖ Destrezas instrumentais: -Comprensión lectora. -Técnicas para mellorar a retención e o recordo. ❖ Técnicas motivacionais: -Responsabilidade na tarefa. -Tarefas de dificultade axeitada. -Participación dos alumnos nas propostas de actividades. -Afrontamento do fracaso. 	Profesor-titor Equipo docente	-Unidades didácticas de adquisición e hábitos de estudo. -Unidades didácticas de destrezas básicas de estudo.	Todo o curso
D/Colaborar no desenrolo persoal e na adaptación escolar.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Actividades a desenrolar: -Actitudes participativas. -Capacidades sociais. -Unha autoestima positiva. -Autocontrol. -A convivencia entre alumnos. 	Profesor titor e equipo docente	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Material de cooperación e dinámicas de grupos ❖ Xogos colectivos-guions. ❖ Unidades de desenvolvemento de autoestima. 	Todo o curso

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL – C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO - VIGO

	<p>-A interacción titor-alumnos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ Coñecer a situación de cada alumno en grupo: <p>-Dinámica interna de grupo. -Actitudes. -Dificultades. -Entrevistas individuais.</p>			
E/Participar a familia no proceso ensino-aprendizaxe do fillo/a e nas actividades do centro.	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Reunións periódicas <p>-Intercambio de información. -Explicar a programación. -Informar sobre o proceso de avaliación e comentar os resultados. -Organización do traballo persoal dos seus fillos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ Colaboración nas actividades extraescolares: <p>-Excursións. -Festexos. -Semanas culturais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ Entrevistas individuais. 	Profesor-titor Equipo docente Familias	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Guión de entrevistas. ❖ Guión de reunión. 	Todo o curso
F/Avaliar aos alumnos/as	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Avaliación inicial: <p>-Obtención de información:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación directa. • Probas de nivel nas materias instrumentais. • Entrevistas. • Revisión expediente persoal do alumnos do ano anterior. <ul style="list-style-type: none"> ❖ Reunión co equipo directivo e docente: 	Profesor titor Equipo docente Equipo directivo	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Probas de nivel. ❖ Modelo entrevistas. ❖ Expediente persoal do alumno/a. ❖ Modelo de boletín informativo á familia. 	Todo o curso

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL – C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO - VIGO

	<p>-Comentar a información. -Fixar os criterios para unha avaliación individualizada, formativa e orientadora. -Redactar os informes para os Mestres dos cursos seguintes. ❖ Reunión cos alumnos/as. -Comentar as conclusións da información obtida. -Comentar os resultados da avaliación. ❖ Avaliación continua, global e formativa.</p>			
G/Coordinación dos tutores de E.Primaria	<p>❖ Convocar reunións interniveis. ❖ Establecer estratexias para a homoxenización da metodoloxía e actividades entre o último trimestre dun nivel de Primaria e o primeiro do seguinte.</p>	Mestres-tutores de E. Primaria	<p>❖ Guión de reunión. ❖ Criterios de coordinación.</p>	3º Trimestre

9.AVALIACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

De forma continua valorarase o grao de adquisición que realizaron os alumnos/as referente aos contidos do PAT, facendo reflexións, tamén continuas, sobre a estrutura do PAT, materiais empregados e actividades programadas, tendo en conta os seguintes aspectos:

- Organización e coordinación do equipo docente.
- Planificación de tarefas, dotación de medios e distribución do tempo.
- Participación, ambiente de traballo, clima de consenso, implicación de tódolos membros, relación e implicación dos pais, relación entre os alumnos/as e tamén entre profesorado e alumnado.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán:

- A observación diaria do traballo.
- Intercambios orais: entrevistas cos alumnos, debates, entrevistas cos pais, reunións xerais cos pais.
- Reunións titora-equipo docente.
- Observación do alumnado.
- Valoración do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as.

Na avaliación xeral do PAT terase en conta:

- a) Unha avaliación inicial: que pretende coñecer a situación do alumnado ao incorporarse a un novo ciclo educativo ou cando o mestre vaia traballar cun grupo novo de alumnos se tomarán datos en relación coas actividades que figuran na programación do PAT, coa finalidade de adaptar a actividade educativa ás necesidades grupais e /ou individuais detectadas. En xeral, valorarase se os instrumentos empregados para o coñecemento inicial do alumno/a son os axeitados.
- b) Unha avaliación final: en función dos obxectivos analizaranse e valoraranse os resultados obtidos en relación:
 - ✓ Coas actividades do PAT e a súa temporalización, metodoloxía, materiais e criterios de avaliación.
 - ✓ Co propio PAT, considerado globalmente, valorando a priorización de obxectivos, tipo de contido, aspectos metodolóxicos, obxectividade de criterios de avaliación, etc.

A avaliación conxunta do PAT determinará en que medida foron acadados ou non os obxectivos plantexados, servindo dita avaliación de punto de partida para a elaboración do PAT do vindeiro curso.